

XAROPE VIOLETA

O xarope violeta (Lean, purple drank) é unha das drogas máis recoñecidas por adolescentes y para as persoas que escoitan ou siguen a cultura do Rap, en concreto Trap.



COMPOSICIÓN E PRESENTACIÓN

Mestura que contén **xarope para a tose** (codeína) e unha bebida gasosa. Ás veces, tamén se lle engaden caramelos que fan a bebida máis doce e rechamante. A súa presentación é un líquido de cor violeta e gasoso.



EFECTOS

Sedación, relaxación, somnolencia e mareos, sono excesivo, falta de concentración e atención, lentitude nos movementos, visión borrosa, náuseas, perda de memoria, perda da noción do tempo, alucinacións, síntomas dissociativos, vómitos e convulsións.



LEAN E ADOLESCENCIA

Substancia perigosa pola **fácil accesibilidade** no mercado legal. Na adolescencia existe unha baixa percepción do risco que supón o consumo de drogas polo que se infravaloran os efectos secundarios, que poden chegar ao estado de coma ou morte.



ELIMINACIÓN

Tralo consumo, tarda entre 20 minutos e 1 horas en facer efecto.

O periodo de eliminación é bastante variable e depende das características da persoa, chegando ata as **6 horas**.



ALGÚNS DATOS

Cada vez está máis extendido o consumo entre a poboación adolescente, non só entre persoas seguidoras do trap.

O abuso de medicamentos con codeína xera dependencia e adicción. A codeína é un medicamento derivado do opio que debe ser utilizado con fins terapéuticos, **non recreativos**.

Pode xerar un síndrome de abstinencia con síntomas tan fortes como os da heroína.

Mesturar o xarope violeta con alcol acentúa os efectos secundarios, xa que potencia os efectos depresivos do organismo, podendo producir un paro cardíaco ou respiratorio e incluso a morte.